

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 26 de xuño de 2026 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de fomento da mobilidade sustentable. Itinerario peonil e ciclista na PO-303. Treito: Picón-Tanoira, de clave PO/26/037.06; así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto. Actuación susceptible de ser cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, recolle, no seu artigo 6.2, aqueles elementos que teñen a consideración de elementos funcionais da estrada, entre os que se atopan os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas. Así mesmo, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o 6 de maio de 2024 a Estratexia Galega de Mobilidade, cuxo obxectivo é analizar e planificar en todo o seu conxunto a mobilidade na Comunidade Autónoma de Galicia e adaptala aos retos da sociedade do futuro en materia de mobilidade sustentable.

Mediante a Resolución da directora da Axencia Galega de Infraestruturas do 25 de xuño de 2026 aprobouse provisionalmente o proxecto de construción de fomento da mobilidade sustentable. Itinerario peonil e ciclista na PO-303. Treito: Picón-Tanoira, de clave PO/26/037.06, no concello de Meaño (Pontevedra).

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Que para os efectos previstos na Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa, e no Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, se someta ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que as persoas afectadas presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e aos dereitos descritos na relación anexa.

CVE-DOG: x0rfudz1-vfv8-acsc2-tok3-u554vqeuzvs2



Segundo. Do mesmo xeito, sométese este proxecto a información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

A documentación do proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas, no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra, na casa do Concello de Meaño; e na páxina web da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, onde tamén se atopa un extracto do documento cos obxectivos, a localización e a descrición da actuación:

<https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/informacion-publica/estudos>

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2026

María Deza Martínez
Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: x0rfudz1-vfv8-acsc2-tok3-u554vqeuzvs2





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Fomento da mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na PO-303. Treito: Picón-Tanoira.

Clave: PO/26/037.06. Concello de Meaño

Nº	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Titular	NIF	Sit. básica do solo (RDL 7/2015)	Expropiación m²	Ocupación temporal m²	Bens afectados		
									Cant.	Ud.	Descrición
1	7613103NH1071S0001PA	76161	3	Sara Muñiz García	***2859**	Urbanizado	3		10	ml	(*) Peche de pedra e aceiro
				José Ángel Lubián Barreiro	***8736**						
2	7116154NH1071N0001ZE	71161	54	Rosaura Romay Pintos	***2371**	Urbanizado	8	13	7	ml	(*) Peche de pedra e malla de arame
				Áurea Fernández Romay	***2622**				1	ud.	(*) Porta
3	7116144NH1071N0001RE	71161	44	Manuel Canario Varela (hrdos.)	***8149**	Urbanizado	16	8	13	ml	(*) Muro de contención de pedra + celosía de formigón
				Carolina Canario Moldes	***2583**				5	ml	(*) Muro de contención de pedra
4	7116176NH1071N0001RE	71161	76	Nemesio Dozo Padín	---	Rural	4		6	ml	(*) Peche de malla de arame e poste de formigón
5	7116177NH1071N0001DE	71161	77	Raquel Bibiana Castro Outón	***8199**	Rural	118		41	ml	(*) Peche de malla de arame e poste de formigón
									1	ud.	(*) Porta
6	36027A007002980000MH	7	298	Manuel Moldes Domínguez	***1462**	Rural	51		31	ml	(*) Peche de pedra e malla de arame
				Cesáreo Moldes Lores	***1721**				51	m²	Víñas en emparrado postes pedra
7	6617215NH1061N0001PX	66172	15	Manuel Ángel Lores Buezas	***8278**	Urbanizado	5				
8	6617215NH1061N0000OZ	66172	15	Manuel Ángel Lores Buezas	***8278**	Rural	131		8	ud.	Poste de pedra
9	36027A007003040000MG	7	304	En investigación	---	Rural	26				
(*) Ben afectado recuado/reposto á súa nova localización. Non dá lugar a valoración por expropiación.											

